

Mehmed Uzun

Brillante coma o amor,
negro coma a morte

Nota da tradutora

Esta novela, orixinalmente escrita en kurdo, foi traducida ao galego dende a versión turca de Muhsin Kızılkaya. Os nomes dos protagonistas son simbólicos: por iso manteñen a súa forma orixinal kurda. Velaquí o significado de cada un:

Rênas: Guía, aquel que coñece o camiño.

Mader: Nai.

Kevok: Pomba.

Baz: Falcón.

Jîr: Intelixente, mañoso.

Çiya: Montaña.

Şilan: Roseira brava.

Çekdar: Guerreiro, persoa armada.

Dadê: Nai, orixe.

A Morte

Baz.

Kevok.

Imos chamarlles Baz a un e Kevok á outra.

Baz e Kevok. Dúas persoas, unha moza e un home de mediana idade, son os dous protagonistas da nosa novela que narrará a súa historia.

Baz é un oficial que ten corenta e un ou corenta e dous anos. Kevok, unha moza, duns vinte e un ou vinte e dous. Atopou a Baz no momento en que todos os camiños se lle pecharon. A súa relación comezou cando menos o esperaban, medrou no desespero, está a morrer desesperada... Baz e Kevok son dous viaxeiros perdidos, dous detidos, dúas vítimas...

Baz e Kevok van morrer.

Comezaremos coa morte, coa súa morte, para contar a súa aventura. Vanos asasinar. Van camiño da morte...

Van morrer: Baz sábeo por experiencia. Kevok aínda non o sabe. Coma a maioría das cousas que non sabe, tampouco quere saber esta.

Estamos nun país grande, formado por moitos países pequenos. Un país grande rodeado por un lado de mares azuis e claros, por outro de montañas que alcanzan o ceo, e por outro de desertos áridos. A este país tan grande en que as catro estacións se manifestan ao mesmo tempo ímoslle chamar Wêlate Mezin¹.

1 'Gran País'. (Todas as notas son dos tradutores.)

Ao comezo do noso relato estamos con Baz e Kevok na capital do gran país, nunha furgoneta negra que só ten dúas fiestras, pechadas cunha reixa de arame hermética preto do teito. Ademais de Baz e Kevok hai outras sete persoas. Dúas van ao lado do chofer; catro, sentadas fronte a fronte, por parellas, con Baz e Kevok no medio. Visten de civil: dúas teñen bigote. Son as sete persoas que levan os nosos protagonistas na viaxe da morte.

Kevok é unha pomba, unha moza aldraxada. Enferma e cansa, mira para adiante en silencio. Ten os ollos fundidos nas órbitas, o pescozo inclinado, e a cara moi pálida, amarela. As trenzas negras, longas, coma o ronsel de dúas estrelas fugaces na noite, unha delas pendurada no ombro. Está calada, sempre calada, negra coma a terra, radiante coma as estrelas, brillante coma a lúa, fría coma unha tumba, calada coma as pedras do cemiterio.

Pasou unha semana dende que capturaron a Baz e Kevok na beira do mar do Gran País. Dende entón non puideron durmir. Baz sofre unha dor intensa na cabeza: latéxalle coma se lla golpeasen cun martelo. Está preso. Pero non foron as esposas dos pulsos as que o capturaron, senón a hemicrania forte... Non foi a hemicrania o que provocou a súa captura?

Levan unha semana en catividade. Apresáronos nunha pequena vila mariñeira. Unha noite metéronos, coas mans esposadas ás costas, nun jeep militar, leváronos á capital do país e encerráronos en dous calabozos escuros. Pasada unha semana sacáronos. Arestora están en camiño.

Quen podería imaxinar que todo acabaría así?, quen sabía que despois de mil e unha aventuras, as súas vidas acabarían así?

–Kevok, miña pombiña –di Baz en voz baixa, cansa, tímida, rouca e rota.

Kevok ergue a cabeza devagar, pouco a pouco, e mira a Baz...

–Miña Kevok!

Kevok move os beizos secos, coma terra morriñenta de auga, malia todo quere sorrir, amosar un sorriso agarimoso,

cálido, doce. Baz mira para ela garatuxeiro, tenro e desamparado, míralle ao fondo dos ollos. Da súa mirada despréndese que quere gardala no corazón. En toda a súa vida nunca experimentara sentimentos coma estes, nunca sentira nada semellante ao que sente agora no máis fondo do seu ser, nunca se sentira tan impotente. Kevok é a causa de todo.

Kevok escribiu na súa fronte un destino tan brillante coma daniño, puxo diante del unha vida nova, foi orixe da súa vida e da súa morte a un tempo. Ten tanta paciencia coma un santo. Sempre firme, en calquera tempo, en calquera lugar, en calquera situación. Cando derramou bágoas de ausencia nos frenéticos anos de estudante, cando se derrubou co medo ás xistras, ás tempestades, á neve e á morte nos agrestes cumes das montañas, cando durmiu sobre pedras negras nas espenucas das rochas e cando permaneceu baixo o sol ardente nos días das cavernas. Paciente, cando fluíu o sangue das pedras das montañas, cando caeu ferida, cando a vida perdeu todo significado nos calabozos sombríos, nas celas húmidas e escuras, cando os amigos caeron á terra un por un, no frío do abrente, no luscofusco, na escuridade intensa da noite, cando os soños dos amigos mortos a perseguiron coma unha sombra, cando se tivo que esconder porque o tufo da morte asolagaba todo, sempre sosegada! Na viaxe da morte está serena, unha vez máis, en silencio. Kevok é unha fonte da que mana auga de paciencia, unha fonte que só secará coa súa morte.

Baz non pode consigo, ten os ollos húmidos, os lacrimais cheos de bágoas. Mira a Kevok cos ollos augados, algunhas bágoas báixanlle polas meixelas. Quere sorrir, pero non pode, apenas aparece o amago dun sorriso no seu rostro.

Sorrisos e bágoas. Un sorriso triste acompañado de bágoas. Unhas bágoas que desafían as xogadas da vida, o desalento, as trampas imprevisibles.

Ten vergoña? Non, xa non se avergoñará de nada. Sabe que non hai volta atrás. Esta é a viaxe da morte, van cara ao val fondo da morte. Toda a vida queda atrás, os anos de estudante,

os días felices, as noites facendo o amor até a mañá, o pracer de tocarse os corpos espídos, os momentos luxuriosos dos asasinatos, o rancor, o odio, os sentimentos de ambición e vinganza, o odio inmenso da inimidade, as noites longas e escuras bañadas en sangue, os berros estentóreos dos moribundos, o sentimento de súplica nos ollos das persoas a piques de entregar a vida, os corpos cribados polas balas, a sensación histórica de ardor insoportable, a calor ardente do sufrimento humano, pegadas esvaecidas de dúas vidas desesperadas e solitarias, todo queda atrás. Das vidas caídas en desgraza non fican máis ca lembranzas. Todo queda atrás. Por que avergoñarse?

Baz non se move. Non pode limpar as bágoas que lle flúen dos ollos, nin pode recoller e colocar atrás a trenza que se lle soltou a Kevok. Sentados fronte a fronte, coas mans ás costas e esposadas a unhas barras de ferro, óllanse coa mirada das persoas feridas.

Kevok está moi cansa, sofre. Está abatida polos días de insomnio e o atordamento do sono. As esposas apértanlle os pulsos e máncana. A furgoneta mállaa. A situación de Baz dóelle. Pensa no que lles está a pasar. Se non fose por ela, se non fose unha carga para el, se non esperase pola documentación falsa para ela, se arranxase o pasaporte para el... talvez non pasaría todo isto.

A furgoneta segue. Non acelera, é tan lenta coma un coche fúnebre. Baz reconece os sons que chegan de fóra, van pola cidade, atravesan as rúas da capital. Escolta os ruídos dos coches. O pregoeiro dun microbús berra para xuntar clientes. A voz dun froiteiro entoa a frescura das froitas. Alguén vende gravatas de seda na rúa. Un coche para de golpe, o son dos freos na beirarrúa mestúrase coas voces dos camiñantes. O son de marchas militares ascende incesante dos altofalantes. Os murmurios da cidade enchen a furgoneta. E seguen...

E seguen, dende os múltiples ruídos da cidade antiga diríxense ao mundo aterrador da morte.

Baz está a pensar. Tería que berrar? Para que serviría? Quen me ouviría? Aínda que alguén me ouvisse, quen se achegaría

para axudar? Sabe o que el mesmo e tamén os demais farían, ninguén, pero ninguén os axudaría. Neste inmenso país, onde mentres nunha parte queima o sol na outra o sopro continuo do vento rompe as tormentas, ninguén os rescataría. Non tería que deixarse prender, quen podería axudalos despois de que os detivesen? Unha vez decretada a pena de morte xa non hai remedio. Kevok... Se polo menos se salvase Kevok!

Algo ten que facer! Pero que?

Anoitece. Fóra, no oeste da gran cidade, o sol ponse sobre o río impetuoso que atravesa a cidade de arriba abaixo, serpeando. As febles luces do sol vespertino atravesan as reixas de arame das xanelas, un chisco de luz póusase na cara e no cabelo de Kevok. Baz mira o seu rostro, alumado pola débil luz da tarde, mentres pensa para si: «É coma un anxo». Vai unha calor agoniante, por máis que o día está caendo. Dentro da furgoneta aínda máis.

Kevok está a suar, leva unha camiseta fina pegada ao corpo, as axilas, a ingua, o ventre e o peito encharcados. Da fronte despréndenselle gotas de suor que rodan pola cara abaixo.

A cidade, a capital, a cidade antiga. A cidade dourada na que flúe o río. A cidade de Baz, da súa infancia. Nesta cidade medrou, estudou e casou. Xogou ao fútbol, ouviu as lendas dos heroes, partiu a cabeza nas pelexas e xogou á lotaría nas beiras do río. Nesta cidade o seu corpo inflamouse co pracer de facer o amor por primeira vez, coñeceu o sabor salgado do bico doce nos beizos dunha moza moi alta. Imaxinou grandes soños para o futuro nas tabernas e nos bares. Paseou polos campos das festas, á beira do río, por bulevares e avenidas, por carreiros e rúas amplas, algunhas veces borracho, outras feliz e outras angustiado. Foi á cama con Mader, compañeira, amiga e aínda máis tamén, no bordel grande e antigo. Nesta cidade foi educado con férrea disciplina, forxou o seu espírito, coñeceu a si mesmo coas cadeas desta disciplina. Aprendeu marchas militares mañá e tarde, sen descanso. Xurou lealdade a Deus, á patria, á nación, ao estado, ao exército e aos seus grandes líderes. Berrou «grazas a Deus» por

todos os beneficios que lle outorgaron. Nesta cidade chegoulle ao corazón o amor pola lúa, as estrelas e a noite. Puxéronlle xarreteiras no uniforme militar por primeira vez. Nesta cidade abandonou casa e fillos, que leva moito tempo sen ver.

Esta cidade escribiu o destino na fronte de Baz. Esta cidade moldeouno, formouno paso a paso, no frío, na calor, na lama, na chuvia, nas tormentas de neve, en cada momento, en calquera situación por moitos anos. Converteuno nun falcón capaz de asumir todos os riscos por unha peza. Neste instante, na viaxe da morte, esta cidade que o formou é testemuña silenciosa da súa partida. Nesta cidade viviu de todo. Arestora non queda máis ca un sentimento fráxil, triste no débil corazón de Baz. Este sentimento é toda a súa vida agora.

E Kevok? Cal é a relación de Kevok con esta cidade? Aquí pasou cinco anos da súa xuventude estudando. Aquí coñeceu o primeiro amor, no corpo do seu namorado, que desapareceu despois, descubriu sabores que nunca probara, ríos a fluírlle por dentro. Fixo o amor por primeira vez, os dedos do namorado percorréronlle todo o corpo, revivírono, entregárono ás laparadas ardentes do amor. Chegou a esta cidade, coñeceuna, afíxose á soidade, sentiu o medo nos ósos. Viñéronlle ideas novas á cabeza mentres paseaba por bulevares, rúas, avenidas e beirarrúas, baixo a tenue luz das lámpadas. Entrou no universo máxico dos libros coma unha estudante inculta, encontrou un mundo novo en cada páxina, ampliou os seus horizontes e formouse baixo a escasa luz da lámpada do cuarto pequeno da residencia. Atopou xentes novas, unha lingua nova, unha cultura nova. Comparou os valores tradicionais, antigos, nos que estaba formada, cos novos que aprendeu, como resultado creou unha síntese, trazou unha ruta nova para a súa vida. Naqueles días, pola súa propia man, quedou determinada esta última viaxe.

A viaxe acaba, está chegando á súa fin. Dúas vidas diferentes entre si, reunidas polo azar, están a piques de rematar.

Onde están agora? En que parte da enorme cidade? Baz ouve os sons que chegan de fóra, as marchas militares que co-

mezan a tocar pola tarde dominan todos os sons. Deduce que está abarrotado de xente, é a hora da saída do traballo, circulan multitude por todas as partes. A cidade dispónse para a noite. A luz do sol esmorece aos poucos, a que se filtra polas fiestras está a punto de despedirse. Baz sabe que, en canto chegue a noite, non volverá ver a luz do sol.

Pode que estean preto das casas dos oficiais. Baz levanta a cabeza amodo, tentando mirar a través do arame. Non ve máis ca a feble luz do sol.

A casa dos oficiais... situada nunha esquina da praza máis grande da cidade, vista dende fóra semella un castelo rodeado por altos muros. Os gardas están por todas as partes... En fronte dela, no medio da praza, esculpida en granito negro, álzase unha estatua do xefe do Estado con uniforme militar, nunha postura imponente, con bigote. O polgar da man dereita estendido guía a xente en dirección á cidade. No seu ombro dereito pousa unha ave rapaz. Un Gran Xefe... Un Gran Líder. Cantas veces mirou con orgullo esta estatua que xa non volverá ver? Cantas veces sentou, comeu e tomou alcohol na casa dos oficiais? Cantas veces se xuntou cos amigos e conversaron sobre morte, matanzas, caza e cazarías, cantas falaron das mulleres das súas vidas? Cantas debateron arredor de conceptos como patria, nación, estado, heroicidade, amizade, irmandade, inimidade e vinganza? Cantas noites falou cos amigos, acompañado polo vodka? E a espléndida e multitudinaria voda que celebrou no seu salón?

Pode que se equivoque, pero hai enormes posibilidades de que neste momento estean pasando por diante da estatua, deixando atrás a casa dos oficiais.

Vénlle á cabeza o Orfanato. Se están nas proximidades da casa dos oficiais significa que está do outro lado do río, polo tanto, da cidade. Había moito tempo que quería visitalo, levarlles regalos aos nenos, comer con eles, ver outra vez os lugares da infancia. Gustaríalle revivir unha fermosa tarde, exactamente igual ás de cando era neno, tomarse baixo o enorme plataneiro

do xardín no intre en que o sol está a piques de poñerse, mergullarse nun sono profundo e, acompañado polos murmurios das follas, ver os soños inocentes da infancia. Pero non cumpriu este desexo. Nin nunca o cumprirá.

Que estarán a facer a muller, que lle fixo a vida insufrible, e os dous fillos? É probable que estean sentados na casa do outro lado do río. Saberán os nenos que o pai está detido? Diríanlles os seus vellos amigos que o van matar? Cantos anos pasaron dende a última vez que os viu? Dous, tres? O máis vello medraría, pode que xa teña barba ou bigote, e o pequeno que sempre quería estar no seu colo? A última vez que o viu medrara até a altura do picaporte da porta do seu cuarto.

Seguro que non os volverá ver. Que pensarán entón? Saben que o pai é un militar, un bo oficial, un importante funcionario estatal cunha gran responsabilidade que xurou defender a patria. Isto é todo o que saben. Que fai?, por que non vén á casa?, por que tardan tanto en velo? Como encontrarán as respostas? Seguirán as pegadas do pai cando sexan maiores? Aguantarán todas as dificultades para non prexudicar este país? Como acabarán?

Que fará Mader, a amiga do bordel?, envellecerá ben? Adormecerá o seu amante con cancións fáciles ou con marchas militares, despois de facer o amor apaixonadamente?

Descubrirá o que lle pasou?

E as marchas militares... As marchas, con golpes monótonos, repetitivos coma latexos do corazón, están no seu cerebro aínda, convertéronse en parte del coma o sangue que lle corre polas veas. Coas marchas abriu os ollos ao mundo, medrou e coñeceu a si mesmo. Velaí que hoxe, nun mal xogo do destino, vai cara á morte na súa compañía. Entrou, espertou, adormeceu coas marchas no Orfanato. Deseguido ouviunas noite e día, primeiro na escola, máis tarde na Academia Militar. Aqueles himnos que glorificaban a guerra verán e inverno, enxalzando a nación, infundindo gloria, honra e heroísmo nunca desapareceron da súa vida... Convertéronse nunha parte dela.